

Resolución da Axencia Galega de Innovación, pola que se acorda manter a operatividade do formulario normalizado correspondente ás axudas convocadas pola Resolución do 31 de decembro de 2019 (DOG nº34, do 19 de febreiro de 2020), código de procedemento IN 848D

A resolución do 31 de decembro de 2019 establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a mellora da capacidade de innovación das empresas en Galicia, a través do financiamento das actividades integradas en plans de innovación enmarcados en prioridades estratéxicas da RIS3, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN848D).

Conforme ao establecido no artigo 9 das citadas bases reguladoras o prazo de presentación de solicitudes rematará o vindeiro 20 de abril.

De conformidade co establecido no apartado 1 da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aplicable a todos os procedementos, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reanudarase no momento no que perda vixencia o citado real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo. Así mesmo no apartado 3, do mesmo, establécese que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade.

As axudas convocadas pola resolución do 31 de decembro de 2019, están cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, polo que conforme ao establecido no artigo 5 das correspondentes bases reguladoras, as actuacións financiadas deben cumprir os requisitos do artigo 6 do Regulamento (UE) nº 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño, pola que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado(DOUE nº 187, do 26 de xuño de 2014), relativos ao efecto incentivador; este cúmprese se a solicitude da axuda se presenta antes do inicio da actividade.

Polo que antecede e con fin de que os posibles interesados en participar na citada convocatoria de axudas e que tivesen previsto comezar coas actividades incluídas no plan de innovación de forma inmediata poidan cumprir co requisito do efecto incentivador previsto nas citadas bases reguladoras,

RESOLVO:

Primeiro.- Manter operativos os formularios normalizados de solicitude correspondente ao procedemento seguinte:

- IN848D axudas para a mellora da capacidade de innovación das empresas en Galicia (Programa Innovapeme)



permitindo que os interesados, que así o desexen, poidan seguir presentando as súas solicitudes ata o 31 de maio, sen que isto supoña a continuación do procedemento.

Segundo.- De acordo co establecido no apartado 1 da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, o cómputo dos prazos destes procedementos reanudarase no momento en que este decreto ou, no seu caso, as súas prórrogas perdan vixencia.

Santiago de Compostela,
A directora de GAIN
Patricia Argerey Vilar
(asinado dixitalmente)

